

BASES DA CAMPAÑA E SORTEO "MERCA E GAÑA POLO NADAL"

1. "MERCA E GAÑA POLO NADAL", é unha campaña promocional e publicitaria, promovida e organizada pola Federación de Asociacións de Comercio da Confederación Provincial de Empresarios de Lugo-en diante Federación de Comercio de Lugo-, coa colaboración da DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, e as asociacións de comerciantes e centros comerciais abertos da provincia de Lugo.

Esta campaña promocional iniciárase en data de 6 de decembro de 2017 e rematará o 6 de xaneiro de 2018 (ambas datas incluídas), e o seu ámbito é a provincia de Lugo, podendo participar todos os consumidores/clientes do pequeno comercio de proximidade da provincia de Lugo nas datas sinaladas, segundo a mecánica de funcionamento que se detalla nas presentes bases.

2. O **OBXECTIVO FUNDAMENTAL DA CAMPAÑA** é crear un ambiente favorable para incentivar as compras navideñas nestas datas tan sinaladas para o noso sector, premiando a confianza dos clientes que aposten polo comercio de proximidade, incrementando deste xeito as vendas e incentivando o consumo no pequeno comercio lucense.
3. **A DINÁMICA E FUNCIONAMENTO DA CAMPAÑA/SORTEO É O SEGUINTE:**

Trátase dunha *campaña "aberta"*, na que **poderán participar todos os consumidores maiores de idade**, que se rexistren a tal efecto seguindo as indicacións detalladas **seguidamente neste apartado**, e que realicen unha compra por calquera importe en pequenos comercios retalistas da provincia de Lugo, sempre e cando a compra se realice durante as datas de duración da campaña, isto é, **do 6 de decembro do 2017 ao 6 de xaneiro do 2018**. Non poderán participar nesta campaña/sorteo os traballadores da Federación de Comercio de Lugo nin os titulares ou traballadores dos comercios participantes, así como tampouco familiares ata segundo grao dos mesmos.

Así pois, os consumidores ou clientes que merquen no pequeno comercio retalista da provincia de Lugo nas datas sinaladas (**entre o 6 de decembro do 2017 e o 6 de xaneiro do 2018 engadidos**), e desexen participar na campaña, deberán en todo caso conservar o ticket da compra realizada no pequeno comercio tradicional, ou fotografía do mesmo, a fin de dispoñer dun xustificante, SENDO AS MODALIDADES DE INSCRIPCIÓN E REXISTRO DA COMPRA REALIZADA AOS EFECTOS DE PARTICIPAR NO SORTEO, AS DÚAS SEGUINTE:

- O consumidor/cliente **poderá rexistrarse para participar nesta campaña/sorteo a través da plataforma/dirección web habilitada a tal efecto e denominada www.nadalmercaegana.com**, efectuando o correspondente rexistro da operación de compra realizada no comercio tradicional lucense nas datas indicadas, o que lle dará dereito a 1 participación no sorteo. No rexistro deberá quedar perfectamente identificada a operación de compra realizada e o cliente ou consumidor.

So poderán facer un rexistro por operación de compra, e cada operación de compra rexistrada, equivale a 1 participación. Cantas máis compras fagan no pequeno comercio, máis participacións poderán obter e máis posibilidades de gañar.

- *Outra modalidade de rexistrarse para participar nesta campaña/sorteo será contando coa colaboración activa do comerciante retalista (modalidade de participación a realizar exclusivamente no establecemento comercial), a través da cal o comerciante poderá rexistrar directamente as operacións de compra dos seus clientes e a través da plataforma habilitada a tal efecto denominada www.nadalmercaegana.com/comercios, debendo quedar así mesmo perfectamente rexistrada a operación de compra no comercio tradicional, así como plenamente identificado o consumidor/cliente. A vantaxe desta modalidade de participación é que o consumidor que sexa rexistrado para participar baixo esta modalidade, obterá 2 participacións para o sorteo por cada operación de compra no pequeno comercio rexistrada deste xeito.*

Sinalar que quedan excluídos de participar no sorteo todos os **tickets de compras efectuadas** en establecementos incluídos no Sistema Nacional de Pago baixo calquera dos seguintes Códigos de Actividade Interbancaria: Alcampo (1387, 1524, 2387, 2524, 5335), Carrefour (1386, 1389, 1423, 1525, 2386, 2525) El Corte Inglés (5959), Hipercor (5338), Eroski (1388, 1415, 1416, 1417, 1446, 1529, 2388, 2529). Do mesmo xeito, **exclúiranse os tickets de compras realizadas en gasoliñeiras**: Alcampo Gasoliñeiras, Consum Gasoliñeiras, CEPSA, Agip, BP Oil, Retail Operating Company, Makro Gasoliñeiras, Leclerc Gasoliñeiras, Corp. Alim. Guissona Gasoliñeiras, Bon Preu Gasoliñeiras, Uvesco Gasoliñeiras, Eroski Gasoliñeiras, Repsol, Campsa, así como venda de combustible a domicilio.

4. REALIZACIÓN DO SORTEO:

O SORTEO terá lugar **ante notario** en data de **12 de xaneiro de 2018, as 12.00 horas, na Deputación Provincial de Lugo (sita en Rúa San Marcos, 8, 27001, Lugo), de xeito telemático**, mediante un código programado que elixirá aleatoriamente aos agraciados de entre todos os participantes, ata rematar a totalidade de premios/tarxetas prepago dispoñibles para sortear nesta campaña.

A **realización telemática do sorteo polo sistema referido, non será aberta ao público**, sendo o resultado do mesmo comunicado aos agraciados polos medios que determine a organización, e que permitan deixar constancia da notificación realizada fehacientemente.

5. **OS PREMIOS A SORTEAR NESTA CAMPAÑA consistirán en TARXETAS PREPAGO de ABANCA**, debidamente personalizadas coa imaxe da campaña, e **que os consumidores que resulten agraciados, deberán utilizar para realizar novas compras única e exclusivamente no pequeno comercio tradicional da provincia de Lugo, quedando expresamente excluídos os códigos de actividade interbancaria recollidos no apartado 3 das bases, así como as gasoliñeiras**. Deste xeito cúmprese o fin último da campaña de incentivar o consumo e incrementar as compras no pequeno comercio retalista de Lugo e provincia.

O NÚMERO TOTAL DE TARXETAS PREPAGO QUE SE SORTEARÁN NESTA CAMPAÑA E OS IMPORTES RESPECTIVOS DAS MESMAS, SERÁN OS SEGUINTE:

- 20 TARXETAS PREPAGO POR VALOR DE 300 EUROS CADA UNHA DELAS
- 20 TARXETAS PREPAGO POR VALOR DE 200 EUROS CADA UNHA DELAS

O IMPORTE TOTAL DAS TARXETAS PREPAGO A SORTEAR POLO TANTO NESTA CAMPAÑA ASCENDE A 10.000 EUROS.

O prazo de caducidade da totalidade das tarxetas prepago será ata o 30 xuño do 2018.

O consumidor/cliente/usuario rexistrado na campaña, poderá optar aos premios con varias participacións se é o caso e se cumpren todos os requisitos de participación expostos nestas bases, **pero unha vez agraciado cunha destas tarxetas prepago, xa non poderá optar a ningunha máis**, podendo obter polo tanto cada consumidor unha única tarxeta prepago do importe que corresponda.

RESERVAS:

No mesmo acto de realización do SORTEO TELEMÁTICO, ademais dos elixidos como agraciados en primeiro lugar, e seguindo o mesmo sistema, serán elixidos tamén aleatoriamente o seguinte número de reservas, para o caso de que algún dos premiados non cumpra as condicións ou requisitos desta campaña detallados nas presentes bases reguladoras:

- 5 RESERVAS PARA AS TARXETAS PREPAGO VALORADAS EN 300 EUROS;
- 5 RESERVAS PARA AS TARXETAS PREPAGO VALORADAS EN 200 EUROS

A ENTREGA DAS TARXETAS PREPAGO AOS AGRACIADOS será realizada na modalidade que acorde a organización, ao longo do primeiro trimestre do ano 2018 e unha vez realizado o sorteo, sendo todos os agraciados fehacientemente notificados a tal fin, mediante comunicación persoal.

En calquera caso, **comunicárselles aos agraciados previamente e coa antelación suficiente no seu caso, os lugares, datas e horas de realización dos actos de entrega dos premios**. No caso de que algún agraciado non se presente a recoller o premio correspondente, unha vez notificado fehacientemente e convocado a tal efecto, **entenderase que renuncia ao mesmo a tódolos efectos**, salvo que o agraciado xustifique a súa ausencia ante a organización por causa de forza maior axena a súa responsabilidade.

6. A Federación de Comercio de Lugo realizará todos os trámites pertinentes para a comunicación previa desta campaña ao servizo de XOGOS, encargándose asimismo da liquidación das pertinentes taxas perante Facenda Autonómica (12% do valor económico total do sorteado).
7. Estas bases serán depositadas ante NOTARIO, e asimismo, estarán a disposición de tódolos consumidores interesados en participar e que desexen consultalas, na páxina web www.nadalmercaegana.com

A mera participación nesta campaña supón a plena aceptación destas bases, así como a aceptación de tódolos condicións e requisitos recollidos nas mesmas a tódolos efectos.

8. **PROTECCIÓN DE DATOS.** A Federación de Comercio de Lugo xestionará a imaxe e os datos persoais obrigatoriamente facilitados polos participantes nesta campaña, con estricto cumprimento de todos os requisitos esixibles pola *Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal* e polo *Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal*. Os datos dos participantes e agraciados, forman parte dun ficheiro automatizado do cal é titular a Federación Galega de Comercio-na cal está integrada a Federación de Comercio de Lugo-, e debidamente inscrito no Rexistro Xeral da Axencia Española de Protección de Datos, e son utilizados aos fins do desenvolvemento desta campaña ou calquera outra actuación, campaña ou promoción que realizara ou realice no futuro a Federación de Comercio de Lugo en beneficio do pequeno comercio tradicional.

Non obstante, calquera dos participantes poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición por medio de comunicación escrita dirixida á: **FEDERACIÓN DE COMERCIO DE LUGO, Ronda da Muralla, nº 52, entrecán dereita, 27002 de Lugo.**

9. A Federación de Comercio de Lugo resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como o de suspender a campaña/sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.